

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 04.10.2018 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 4 de outubro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

- 1 34211 (10/POC-005432)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos publicados da EPA en canto ao sector pesqueiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

- 2 34438 (10/POC-005467)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis
Sobre as medidas que ten previsto o Goberno galego implementar para actuar sobre as redes asentadas de distribución e comercialización do produto extraído polos furtivos en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

- 3 35260 (10/POC-005568)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a licitación do proxecto de dragaxe da canle de acceso ao porto de Pontevedra no río Lérez e as súas intencións respecto da súa modificación para atender as demandas do sector pesqueiro e marisqueiro, referidas ao depósito dos sedimentos, así como sobre a existencia dalgunha partida orzamentaria para o inicio das obras no ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

- 4 35284 (10/POC-005577)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar respecto da instalación de criadeiras no litoral galego, así como o número dos existentes na actualidade, a súa localización e funcionamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

- 5 36467 (10/POC-005805)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o número de persoas que estiveron prestando servizo activo durante o mes de agosto de 2018 na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e as incidencias detectadas nela como consecuencia da non cobertura das vacacións do persoal habitual
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

- 6 36622 (10/POC-005815)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre os datos referidos ás dúas novas ordes de axudas publicadas o 4 de xaneiro de 2018 con destino aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca, a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presenta esta liña de traballo dende o ano 2009 e o número de proxectos aprobados nas últimas convocatorias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018
- 7 36632 (10/POC-005822)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o contido das axudas convocadas pola Consellería do Mar, para o ano 2018, para equipamentos portuarios, así como o balance que fai das correspondentes ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca do anterior período e as obras máis importantes levadas a cabo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018
- 8 36673 (10/POC-005836)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia destinadas a garantir a normal atención aos usuarios da Casa do Mar de Vigo e de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Julia Torregrosa Sañudo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 04.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 04.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 34211(10/POC-005432)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos publicados da EPA en canto ao sector pesqueiro

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Xa cando se facían públicos os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) para Galicia, os socialistas alertabamos da perda de 4.400 persoas ocupadas no sector pesqueiro entre o primeiro trimestre de 2017 e o primeiro de 2018. Nun só ano reducíanse nun 21 %.

Esta cuestión foi tratada na Comisión de Pesca pero por toda resposta, o Goberno indicou que se debe a un problema demográfico, obviando, deste xeito todo tipo de responsabilidades sobre a cuestión e incluso votando en contra da elaboración dun plan para reducir esta tendencia.

Agora, acaban de se facer públicos os datos actualizados do segundo trimestre do ano, resultando para “Pesca e acuicultura”, un total de 14.200 persoas ocupadas, un 28 % menos respecto ao mesmo período do 2017. Trátase do valor máis baixo desde que existen datos rexistrados da EPA, que comezou no terceiro trimestre do ano 2009, onde se rexistraban un total de 23.800 persoas ocupadas no mar.

É difícil mirar cara adiante, e pensar na garantía do relevo xeracional na actividade. O estudo recente elaborado pola consultora SINERXIA PLUS, denominado *Enquisa sobre a situación sociolaboral e de contratación no sector da pesca en Galicia*, céntrase precisamente sobre esta cuestión e recolle o incremento das contratacións de persoas estranxeiras no mar. Así conclúe que, ante a dificultade para contratar persoas galegas, un de cada dous armadores recoñecen que máis da metade do seu persoal está formado por persoas estranxeiras.

Isto é unha realidade que temos en Galicia, resultado das políticas dun goberno, no que o PP hai moito tempo que abandonou o sector. Un goberno que no ano 2017 executou unicamente un 37 % do programa 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura.



Grupo Parlamentario

Desde o Grupo Socialista cremos que o Goberno debe analizar as causas do descenso constante no número de persoas ocupadas, para establecer unha proposta firme, de longo alcance, deixando a un lado as abordaxes ideolóxicas ou partidarias, e centrarse en obxectivos e instrumentos operativos que xeren acordos, os máximos posibles. É preciso comprometerse con medidas concretas e calendarizadas, con dotación de recursos e coa execución deles.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos datos publicados pola EPA en canto ao sector pesqueiro, que para o ano 2018 alcanzan os valores máis baixos desde que se elabora a enquisa?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego da dramática tendencia que amosan os datos da EPA?

3ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de medida para revertir esta situación, en caso positivo, cales e en que prazo?

4ª) Considera que unhas execucións de unicamente un 37 % no ano 2017 no programa 723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, ten algunha relación cos pésimos resultados que amosa a EPA do primeiro e segundo trimestre de 2018 en relación cos mesmos períodos do ano 2017?

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 02/08/2018 09:52:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 10:01
Nº Rexistro: 34211



Data envío: 02/08/2018 10:01:10.527



 **Grupo Parlamentario**

Julio Torrado Quintela na data 02/08/2018 09:52:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 04.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 34438(10/POC-005467)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis

Sobre as medidas que ten previsto o Goberno galego implementar para actuar sobre as redes asentadas de distribución e comercialización do produto extraído polos furtivos en Galicia

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo e Carmen Santos Queiruga, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, **presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª**.

Recentemente ven de presentarse unha tese na Universidade de Santiago de Compostela, por parte de D. Victor Hugo Martínez Ballesteros, titulada “Cumprimento e adhesión á ordenación do marisqueo en contextos institucionais concretos: análise do furtivismo marisqueiro en Galicia”, na que se fai un rigoroso e destacable estudo sobre numerosos aspectos que caracterizan o furtivismo en Galicia e se abordan diferentes liñas de actuación para o seu combate.

Recollendo algún dos aspectos e análises da citada obra, podemos destacar o estudo e caracterización dos diferentes tipos de furtivismo que operan nas nosas costas, cualificado polo autor como complexo e heteroxéneo con cuestións endémicas e particularidades propias do fenómeno en Galicia.

Deste estudo destaca a sinxeleza da súa práctica e a facilidade para acceder ao mercado do produto furtivo, observándose a existencia dun mercado negro consolidado disposto a soportar enormes cantidades de marisco, partindo da venda directa aos consumidores ata a utilización de redes complexas de comercialización que van dende os extractores ata as depuradoras, lonxas e hostalería.

Esta facilidade para a obtención de lucro e a súa comercialización, así como unha certa existencia de incentivos sociais, fai que a actuación da administración



deba ir máis aló da acción punitiva que ten demostrado a súa ineficacia se non é acompañada doutro tipo de accións, como poden ser a implementación de métodos de disuasión, a eliminación dos círculos propios de pobreza e desemprego que incentivan a práctica nalgúns entornos, ata a fundamental actuación sobre os mecanismos de venda e distribución do produto furtivo.

En moitos casos, non no caso do furtivismo organizado profesional, o furtivo é o eslavón máis débil do conxunto da cadea fronte ao conxunto de axentes compradores, intermediarios e distribuidores que engrosan a maior parte do beneficio económico.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte

Pregunta:

- Que medidas ten previsto o Goberno galego implementar para actuar sobre as redes asentadas de distribución e comercialización do produto extraído polos furtivos en Galicia?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quintero Araújo

Carmen Santos Queiruga

Deputadas do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2018 13:40
Nº Rexistro: 34438
Data envío: 08/08/2018 13:40:37.539



Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 08/08/2018 13:37:46

Paula Quinteiro Araújo na data 08/08/2018 13:37:55

Carmen Santos Queiruga na data 08/08/2018 13:38:02

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 04.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 35260(10/POC-005568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a licitación do proxecto de dragaxe da canle de acceso ao porto de Pontevedra no río Lérez e as súas intencións respecto da súa modificación para atender as demandas do sector pesqueiro e marisqueiro, referidas ao depósito dos sedimentos, así como sobre a existencia dalgunha partida orzamentaria para o inicio das obras no ano 2018

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:43
Nº Rexistro: 35260
Data envío: 29/08/2018 11:43:53.913

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión.**

1. A Xunta de Galicia através de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de 3 millóns de euros.

2. Despois de 7 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018. En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e a o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:43
Nº Rexistro: 35260
Data envío: 29/08/2018 11:43:53.913

3. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

4. A paralización do proxecto está a provocar un novo retraso nunha obra repetidamente adiada. Esta situación está a provocar graves consecuencias para ao sector do mar, xa que impide a rexeneración e recuperación de bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente o sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos.

A colmatación da desembocadura e a canle do río Lérez tamén prexudica a navegación deportiva e a actividade do Náutico, debido ao escaso calado da canle de navegación do río e do porto deportivo.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. En que prazo prevé a Xunta de Galiza licitar o proxecto da dragaxe da canle de acceso ao porto de Pontevedra no río Lérez?

2. Existe previsión orzamentaria para iniciar as obras no ano 2018? Cal é a cantidade prevista?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:43
Nº Rexistro: 35260
Data envío: 29/08/2018 11:43:53.913

3. Ten previsto o goberno galego modificar o proxecto para atender as demandas do sector pesqueiro e marisqueiro que piden que os sedimentos se depositen fóra da ría de Pontevedra, en mar aberto?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 11:42:47

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 11:42:51

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 11:42:52



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:43
Nº Rexistro: 35260
Data envío: 29/08/2018 11:43:53.913

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 11:42:53

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 11:42:55

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 11:42:56

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 04.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 35284(10/POC-005577)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar respecto da instalación de criadeiros no litoral galego, así como o número dos existentes na actualidade, a súa localización e funcionamento

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:41
Nº Rexistro: 35284
Data envío: 29/08/2018 12:41:42.195

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á adopción de medidas para acadar a autosuficiencia de Galiza en materia de produción e subministro de semente de moluscos bivalvos para o impulso de actividade marisqueira.

Galiza é unha potencia na produción de marisco, atendendo ao volume de capturas, a súa extraordinaria calidade e, fundamentalmente á importancia económica, social e de emprego que eta actividade representa na nosa nación. Precisamente por estas razóns resulta difícil entender a absurda situación de dependencia do subministro de semente de moluscos bivalvos en grande parte dos bancos marisqueiros galegos.

O BNG considera prioritario rematar coa dependencia que mantén Galiza a respecto da semente producida fora que, á marxe das distorsións do mercado ou do problema que representa a introdución de especies alóctonas, certifica a existencia dun outro problema, neste caso estrutural, que impide o desenvolvemento pleno do sector marisqueiro galego.

A recuperación do noso marisco, como inequivocamente galego, recoñecendo e garantindo a súa orixe, a marca de calidade e prestixio que a procedencia galega outorga, debe ser obxectivo da Consellaría do Mar.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:41
Nº Rexistro: 35284
Data envío: 29/08/2018 12:41:42.195

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Que cantidade anual de semente, como media, se importa de semente con destino aos bancos marisqueiros galegos?

-A que especies corresponden e cal é o país de procedencia?

-Existe demanda desde o sector marisqueiro para a produción de semente?

-Ten previsto a Consellaría do Mar instalar criadeiras de semente de moluscos bivalvos no litoral galego?

-Cantos criadeiras existen no litoral galego?

-Onde están situados?

-Cantos funcionan?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:41
Nº Rexistro: 35284
Data envío: 29/08/2018 12:41:42.195

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2018 18:49:54

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2018 18:50:00

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2018 18:50:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2018 18:50:07

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2018 18:50:12

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2018 18:50:15

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 04.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 36467(10/POC-005805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o número de persoas que estiveron prestando servizo activo durante o mes de agosto de 2018 na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e as incidencias detectadas nela como consecuencia da non cobertura das vacacións do persoal habitual

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36467
Data envío: 12/09/2018 18:40:31.511



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Na Comunidade Autónoma de Galicia da que dependen administrativamente tres provincias marítimo pesqueiras, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica durante o mes de agosto o servizo prestado foi insuficiente, tal e como nos poñen de relevo as múltiples queixas manifestadas a este grupo parlamentario, debido o baixo número de persoas activas, como consecuencia da non cobertura do persoal de vacacións causando deterioro do servizo recibido. Esta situación provocou dificultades na expedición de licencias e cambios de modalidade, así como a imposibilidade de falar con algún responsable ante calquera incidente, tendo en conta que este verán moi intenso en canto ás especies como sardiña, bonito, así como nos peches das rías.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas persoas estiveron activas durante o mes de agosto na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica?

2ª) Que incidencias se detectaron durante o mes de agosto como consecuencia da non cobertura do servizo habitual na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/09/2018 18:36:01

Patricia Otero Rodríguez na data 12/09/2018 18:36:31

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 04.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 36622(10/POC-005815)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os datos referidos ás dúas novas ordes de axudas publicadas o 4 de xaneiro de 2018 con destino aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca, a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presenta esta liña de traballo dende o ano 2009 e o número de proxectos aprobados nas últimas convocatorias

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 10:06
Nº Rexistro: 36622
Data envío: 13/09/2018 10:06:53.300

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A normativa europea que regula os fondos pesqueiros establece que o Desenvolvemento Local Participativo se levará a cabo a través de estratexias integradas, multisectoriais e baseadas en zonas.

Nesta liña vai o Programa Operativo de España para o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). Ante isto, a Consellería do Mar, a través da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, puxo en marcha as actuacións conducentes á elaboración e aprobación destas estratexias a través dos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALPs).

Os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) son asociacións sen ánimo de lucro compostas por entidades que representan os intereses socioeconómicos locais públicos e privados dentro dunha zona. Na actualidade, xa se levan constituído en Galicia un total de sete grupos, sendo ademais Galicia a primeira Comunidade Autónoma do Estado en seleccionar grupos e estratexias.

A través destes proxectos contribúese a abordar cuestións tan importantes e que permitan fortalecer as zonas costeiras como pode ser a de aumentar o emprego e a cohesión territorial nas comunidades pesqueiras e acuícolas, fomentar o emprego feminino, diversificar as actividades realizadas no marco da pesca e respecto de outros sectores da economía marítima, etc..

O pasado 4 de xaneiro publicábase dúas novas ordes de axudas para proxectos que se presenten este ano 2018.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes cuestións:

1. En que consisten estas novas ordes de axudas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca publicadas o 4 de xaneiro de 2018?
2. Cales son os importes destas novas axudas para esta anualidade?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 10:06
Nº Rexistro: 36622
Data envío: 13/09/2018 10:06:53.300

3. Que valoración fai da evolución desta liña de traballo desde 2009?
4. Cantos proxectos foron aprobados nas últimas convocatorias e que valoración fai dos mesmos?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/09/2018 14:16:41

María Ángeles García Míguez na data 12/09/2018 14:16:50

Martín Fernández Prado na data 12/09/2018 14:16:56

Alberto Pazos Couñago na data 12/09/2018 14:17:04

Marta Rodríguez Arias na data 12/09/2018 14:17:12

María Soraya Salorio Porral na data 12/09/2018 14:17:19

Daniel Vega Pérez na data 12/09/2018 14:17:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 04.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 36632(10/POC-005822)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o contido das axudas convocadas pola Consellería do Mar, para o ano 2018, para equipamentos portuarios, así como o balance que fai das correspondentes ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca do anterior período e as obras máis importantes levadas a cabo

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 10:09
Nº Rexistro: 36632
Data envío: 13/09/2018 10:09:14.658**

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O pasado 17 de xaneiro a Conselleira do Mar visitaba a nova instalación en frío da lonxa de Meira, no Concello de Moaña. Unha nova cámara frigorífica da que se poderá beneficiar todo o sector pesqueiro e marisqueiro desa zona.

O edificio conta cunha cámara de conservación, outra de conxelación, un equipo produtor de xeo, etc..

Esta foi unha das 67 obras executadas nos últimos anos en distintos portos galegos, ao abeiro das axudas para equipamentos portuarios que promove a Consellería do Mar con cargo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca para financiar investimentos en portos pesqueiros.

A maiores, o DOGA publicaba o pasado 16 de xaneiro de 2018 unha nova orde de axudas para modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, lugares de desembarque e das lonxas.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que consisten as axudas para equipamentos portuarios convocadas pola Consellería do Mar para este ano 2018?
2. Que balance fai das axudas en equipamentos portuarios durante o anterior período FEMP e cales foron as obras máis importantes levadas a cabo?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/09/2018 14:30:51

María Ángeles García Míguez na data 12/09/2018 14:31:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 10:09
Nº Rexistro: 36632
Data envío: 13/09/2018 10:09:14.658**

Martín Fernández Prado na data 12/09/2018 14:31:06

Alberto Pazos Couñago na data 12/09/2018 14:31:13

Marta Rodríguez Arias na data 12/09/2018 14:31:20

María Soraya Salorio Porral na data 12/09/2018 14:31:28

Daniel Vega Pérez na data 12/09/2018 14:31:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 04.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 36673(10/POC-005836)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia destinadas a garantir a normal atención aos usuarios da Casa do Mar de Vigo e de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Julia Torregrosa Sañudo e Carmen Santos Queiruga, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a**

A Casa do Mar de Mollabao, en Pontevedra, leva meses colapsada debido aos recortes en persoal.

Esta situación está a xerar enormes dificultades aos mariñeiros de Pontevedra, Combarro e Marín, xa que debido a esta situación non logran realizar o recoñecemento médico obrigatorio previo a realizar un embarque.

En ocasións resulta imposible que se lles atenda telefonicamente para poder solicitar cita previa, obrigándoos a desprazamentos que fan perder recursos económicos e tempo .

Ante esta situación, algúns mariñeiros optan por chamar e desprazarse ao centro sanitario de Vigo, o que provoca que este se vexa perxudicado, xa que xa a derivación de usuarios provoca que as listas de espera cheguen ata mes e medio.

É urxente solventar esta situación para que as traballadoras e traballadores do mar poidan ter unha mínima planificación. Esta situación débese ao recorte de persoal, xa que con anterioridade podían pedir cita de acordo cos tempos de embarque e situación laboral concreta.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 13:07
Nº Rexistro: 36673
Data envío: 13/09/2018 13:07:31.604



Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Ten previsto a Xunta de Galicia solventar esta situación de colapso das Casas do Mar de Vigo e de Pontevedra?

2.ª) Que medidas concretas ten previsto realizar para superar a actual situación?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Julia Torregrosa Sañudo

Carmen Santos Queiruga

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/09/2018 13:00:13

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/09/2018 13:00:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 13:07
Nº Rexistro: 36673
Data envío: 13/09/2018 13:07:31.604



Carmen Santos Queiruga na data 13/09/2018 13:00:31